



Concello de Vilalba

BASES REGULADORAS DAS INSCRICIÓNS NAS VILAESCOLAS DE VERÁN 2021.

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas Bases regular a inscrición nas actividades deportivas “Vilaescolas de Verán 2021”.

Ademáis estas bases regularán as situacións que se poidan producir durante o desenvolto destas actividades estivais.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse polos seguintes medios:

- Na páxina web municipal: <https://www.vilalba.gal/>
- No taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba: <https://vilalba.sedelectronica.es/board>

Asimesmo, poderase obter información no teléfono 982510761 e no correo electrónico do Servizo Municipal de Deportes (SMD) deportes@vilalba.es

2. SUXEITOS

A convocatoria vai dirixida a todas as persoas interesadas en inscribirse nalgunha ou en varias das actividades especificadas no **punto 6** destas Bases, tendo preferencia de participación a veciñanza empadroada no Concello de Vilalba, no caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas.

3. INSCRICIÓN

3.1. DATAS DE INSCRICIÓN

De xeito xeral establécense 2 períodos de inscrición:

- Do **2 ao 15 de xuño**: para tódalas actividades e particularmente para aquelas extensivas que se celebrarán de forma regular durante todo o verán.
- Dende o **2 de xuño ata 7 días naturais** antes do inicio das actividades intensivas ou puntuais

3.2. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

De xeito telemático por algunha das seguintes canles:

- A través do trámite específico na sede electrónica do Concello de Vilalba: <https://vilalba.sedelectronica.es>
- A través da web de aluguer de instalacións e inscrición en actividades <https://app.sporttia.com/scs/1528/profile>

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 7ASKPWZMCMNS9JL7NZ4GWSYRZ | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 1 de 8



Concello de Vilalba

Excepcionalmente con causa xustificada poderase presentar a soliticitude de forma presencial no rexistro xeral do Concello de Vilalba nas oficinas xerais no 1º andar.

3.3. PAGO DO PREZO PÚBLICO

O alumnado deberá pagar o prezo público correspondente.

O pago do prezo público realizarase por domiciliación bancaria mediante orde da tesourería municipal con cargo ao número de conta proporcionado polo alumnado, cubrindo o espazo do formulario destinado a tal efecto así como adxuntando un certificado do número de conta no momento da inscrición.

3.4. LIMITACIÓN NO NÚMERO DE ACTIVIDADES POR ALUMNO/A

Establécese un máximo de 3 inscricións nas distintas actividades por alumno, sempre e cando se cubran todas as prazas ofertadas en ditas actividades. De existir prazas vacantes os alumnos poderán participar en máis de 3 actividades ou en 2 quendas da mesma actividade.

3.5. NÚMERO MÍNIMO DE INSCRITOS E REAGRUPACIÓNS

As actividades deportivas deberán contar en cada quenda como mínimo, cun 50% de inscricións respecto as prazas ofertadas .

No caso de que nalgunha quenda non se alcance dito mínimo, e sempre e cando haxa vacantes noutra e se conte, ademáis, co visto bo do técnico correspondente, propoñerase a este alumnado a participación nun grupo distinto ao solicitado.

3.6. LISTAS DE ESPERA

No caso de que o número de solicitudes supere ao número de prazas ofertadas, realizarase un sorteo por medios electrónicos e publicarase o resultado. As persoas que non obteñan praza pasarán a formar parte da lista de espera, sendo chamados a ocupar unha vacante de ser o caso. No caso de existir unha vacante, procederase ao sorteo da mesma entre o alumnado en lista de espera.

3.7. PROCEDEMENTO DO SORTEO

Co fin de garantir a igualdade de oportunidades de todos os solicitantes e que todos teñan as mesmas probabilidades de obter unha praza, establécese o seguinte procedemento:

- Ordenaranse as solicitudes por orde alfabética de apelidos.
- Asignaráselle a cada solicitante un número.
- Realízase o sorteo electrónico aleatorio dos números asignados a cada solicitante en función do número de prazas que corresponda a cada actividade.

A data do sorteo público, de ser preciso, publicarase por medios electrónicos.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

3.8. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS

A listaxe de admitidos publicarase nos 3 días hábiles seguintes a data de finalización do período de inscrición.

4. NORMAS DE ASISTENCIA DURANTE O CURSO

Os técnicos responsables de impartir as actividades levarán un control da asistencia aos cursos.

Dadas a limitación das prazas polas normativas sanitarias vixentes, establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria do 60% das sesións do curso. O alumnado só poderá, polo tanto, ter unha porcentaxe de falta inferior ao 40% do total das sesións, sendo esta unha situación excepcional.

Non se requerirá que o alumnado presente un xustificante pola súa falta de asistencia, non existindo distinción entre falta xustificada e non xustificada, agás naqueles casos de falta de asistencia por enfermidade ou por motivos de conciliación laboral e familiar, debendo o alumnado poñelo en coñecemento do SMD por medios electrónicos.

No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia o alumnado debe causar baixa sen dereito a percibir a devolución proporcional da correspondente taxa.

5. SUSPENSIÓN E RECUPERACIÓN DAS CLASES

Dado que todas as actividades se celebrarán en espazos ao aire libre, poderán suspenderse puntualmente por inclemencias metereolóxicas ou factores de outra índole. O SMD co visto bó do técnico responsable da actividade, acordarán unha data para recuperar a sesión cancelada, que por motivos de calendario non coincidirá cos días e/ou horarios establecidos de xeito xeral para cada modalidade deportiva. A imposibilidade de recuperar clases por este tipo de factores, non dará dereito ao alumnado a percibir a devolución proporcional da correspondente taxa.

No caso de suspensión, o Servizo Municipal de Deportes comunicara por sms ou correo electrónico dito feito, ata as 9:00 horas do mesmo día para as actividades matinais e ata as 14:00 horas do mesmo día para as actividades vespertinas.

6. OFERTA DE ACTIVIDADES

Na seguinte táboa especificase a oferta de actividades, horarios, temporalidade, espazos de práctica, idades dos participantes por quenda, número de prazas coas restriccións sanitarias vixentes no momento de aprobar estas bases e número de prazas máximo no caso de que se levanten ditas restriccións, **503** e **587** prazas respectivamente.





Concello de Vilalba

ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	ESPAZO	IDADES	PRAZAS	
					Act	Máx
ACTIVIDADES EXTENSIVAS. Inicio 22 de xuño, remate 8 de setembro						
1 PARKOUR	Luns e mércores	13:00-14:00	Por definir	A partir de 13 anos	10	16
2 BREAKDANCE	Luns e mércores	12:00-13:00	Por definir	A partir de 13 anos	10	16
KAIK XULLO: dende o 22 de xuño ao 31 de xullo						
3 KAIK 1 – Xullo	Luns e mércores	16:00-17:00	A Madalena	De 8 a 12 anos	10	10
4 KAIK 2 – Xullo	Luns e mércores	17:00-18:00	A Madalena	A partir de 13 anos	10	10
KAIK AGOSTO: dende o 1 de agosto ao 8 de setembro						
5 KAIK 3 – Agosto	Luns e mércores	16:00-17:00	A Madalena	De 8 a 12 anos	10	10
6 KAIK 4 – Agosto	Luns e mércores	17:00-18:00	A Madalena	A partir de 13 anos	10	10
7 TAICHI-IOGA 1	Luns e mércores	16:00-17:00	A Madalena	A partir de 18 anos	10	12
8 TAICHI-IOGA 2	Luns e mércores	17:00-18:00	A Madalena	A partir de 18 anos	10	12
9 TAICHI-IOGA 3	Luns e mércores	18:00-19:00	A Madalena	A partir de 18 anos	10	12
10 TENIS 1	Luns e mércores	16:00-17:00	Pistas tenis	De 13 a 15 anos	6	6
11 TENIS 2	Luns e mércores	17:00-18:00	Pistas tenis	De 8 a 12 anos	6	6
12 TENIS 3	Luns e mércores	18:00-19:00	Pistas tenis	De 5 a 7 anos	6	6
13 TENIS 4	Luns e mércores	19:00-20:00	Pistas tenis	A partir de 16 anos	6	6
PATINAXE XULLO: dende o 22 de xuño ao 27 de xullo						
14 PATINES 1 – Xullo	Martes e xoves	16:00-17:00	A Madalena	De 4 a 6 anos	10	10
15 PATINES 2 – Xullo	Martes e xoves	17:00-18:00	A Madalena	De 7 a 9 anos	10	10
16 PATINES 3 – Xullo	Martes e xoves	18:00-19:00	A Madalena	De 10 a 12 anos	10	10
PATINAXE AGOSTO: dende o 29 de xullo ao 8 de setembro						
17 PATINES 4 – Agosto	Martes e xoves	16:00-17:00	A Madalena	De 4 a 6 anos	10	10
18 PATINES 5 – Agosto	Martes e xoves	17:00-18:00	A Madalena	De 7 a 9 anos	10	10
19 PATINES 6 – Xullo	Martes e xoves	18:00-19:00	A Madalena	De 10 a 12 anos	10	10
20 RUNNING 1	Martes e xoves	16:00-17:00	Estadio	De 13 a 15 anos	6	12
21 RUNNING 2	Martes e xoves	17:00-18:00	Estadio	De 10 a 12 anos	6	12
22 RUNNING 3	Martes e xoves	18:00-19:00	Estadio	De 6 a 9 anos	6	12
23 RUNNING 4	Martes e xoves	19:00-20:00	Estadio	A partir de 16 anos	6	12
24 PILATES 1	Martes e xoves	16:00-17:00	A Madalena	A partir de 18 anos	10	12
25 PILATES 2	Martes e xoves	17:00-18:00	A Madalena	A partir de 18 anos	10	12
26 PILATES 3	Martes e xoves	18:00-19:00	A Madalena	A partir de 18 anos	10	12
27 LOITA 1	Luns e mércores	17:00-18:00	Piscina	De 6 a 7 anos	10	12
28 LOITA 2	Luns e mércores	18:00-19:00	Piscina	De 8 a 9 anos	10	12
29 LOITA 3	Luns e mércores	19:00-20:00	Piscina	De 10 a 12 anos	10	12
30 PILATES/AF RURAL 1	Luns e mércores	16:00-17:00	Ceip Monsei	A partir de 18 anos	10	16
31 PILATES/AF RURAL 2	Luns e mércores	17:30-18:30	C.E. Santab	A partir de 18 anos	10	16
32 PILATES/AF RURAL 3	Luns e mércores	19:00-20:00	C.E. Insua	A partir de 18 anos	10	16
33 PILATES/AF RURAL 4	Martes e xoves	16:00-17:00	C.E. Oleiros	A partir de 18 anos	10	16
34 PILATES/AF RURAL 5	Martes e xoves	17:30-18:30	C.E. Árbol	A partir de 18 anos	10	16
ACTIVIDADES INTENSIVAS.						

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 7ASKPWZMCHNS9JL7NZ4GWSYZRZ | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 4 de 8



Concello de Vilalba

ESCALADA: dende o 28 de xuño ata o 2 de xullo							
35	Escalada 1	De luns a venres	10:00-12:00	Praza	A partir de 13 anos	20	20
36	Escalada 2	De luns a venres	12:00-14:00	Praza	De 6 a 12 anos	20	20
OBRADOIRO DE DRONS: dende o 10 de agosto ao 2 de setembro							
37	DRONS	Martes e xoves	12:00-14:00	Por definir	A partir de 13 anos	20	20
EVENTOS PUNTUAIS EN FAMILIA							
38	Ruta BTT 1	Sábado 26 xuño	11:00-14:00	Por definir	Todas as idades	30	30
39	Ruta BTT 2	Sábado 10 xullo	11:00-14:00	Por definir	Todas as idades	30	30
40	Ruta BTT 3	Sábado 24 xullo	11:00-14:00	Por definir	Todas as idades	30	30
41	Primeiros auxilios	Sábado 3 xullo	10:00-14:00	A Madalena	Todas as idades	15	15
42	Primeiros auxilios	Sábado 17 xullo	10:00-14:00	A Madalena	Todas as idades	15	15
43	Primeiros auxilios	Sábado 31 xullo	10:00-14:00	A Madalena	Todas as idades	15	15

OFERTA TOTAL

Covid	503
Máxima	587

6.1. NORMAS XERAIS

- Todas as actividades son **sen contacto físico** e as sesións desenvolveranse en **espazos ao aire libre** para minimizar os riscos de contaxio por Sars-Cov 2 e aproveitar a climatoloxía favorable.
- Considéranse as idades referidas a data 31 de decembro de 2021.
- O **material deportivo individual** necesario para cada modalidade deportiva será achegado polo alumnado, como por exemplo: raquetas, esterillas, zapatillas, bicicletas etc... agás o imprescindible para as actividades de: kaiak, escalada, primeiros auxilios e drons, o cal será proporcionado polos monitores de cada curso. No caso do obradoiro de drons, o alumnado poderá participar no mesmo cun dron da súa propiedade.
- O alumnado contará cun seguro de asistencia sanitaria que contará como mínimo coas prestacións mínimas do Seguro Deportivo Obligatorio Deportivo establecidas no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño. En caso de accidente ou lesión durante as sesións, o alumnado debe poñelo inmediatamente en coñecemento dos monitores e nun prazo de 24 horas informar ao SMD para tramitar o correspondente parte de accidentes.
- O SMD por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos, horarios e se fose necesario deixalos sen efecto.
- A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso de que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución dos prezos públicos aboados.

- Coa presentación da solicitude o alumnado comprométese a cumprir coa normativa sanitaria en vigor e no que sexa compatible con ela, co Protocolo básico de actuación nas instalacións deportivas municipais, tras a superación da fase III: nova normalidade, aprobado por Decreto da Alcaldía n.º 301 de data 14/09/2020 e modificado por Decreto da Alcaldía n.º 411 de data 21/10/2020 de aplicación según a Resolución do 12 de xuño de 2020 da Consellería de Sanidade, asinando unha declaración responsable a tal efecto.
- Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD.
- Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar, e regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, o Concello de Vilalba, pide o consentimento aos pais, nais ou titores legais para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo os nenos e nenas nas diferentes actividades dos campamentos 2020, co fin de publicalas nas redes sociais municipais, así como cedelas a medios de comunicación locais.
- De conformidade co co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR) e co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado VILAESCOLAS DE VERÁN 2021, do que será responsable do tratamento o Concello de Vilalba e, no seu caso, Social Cloud S.L., como encargado do tratamento, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das actividades deportivas de verán. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es.


7. PROTOCOLO HIXIÉNICO-SANITARIO COVID-19

Neste punto resúmese os contidos principais relativos ao protocolo hixiénico sanitario a aplicar e coñecer por parte do alumnado. Podendo profundizar respecto disto nas referencias legislativas do **punto 9** destas Bases:

1. O alumnado non asistirá se presenta febre, síntomas compatibles coa enfermidade COVID-19 ou calquer outra, ou se está pendente do resultado dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), comprometéndose a coñecer e aceptar as medidas de hixiene e de seguridade establecidas para o

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 7ASKPWZMCHNS9JL7NZ4GWSYZZ | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 6 de 8



Concello de Vilalba

- desenvolvemento da actividade, sendo responsabilidade exclusiva do propio alumnado ou do seu pai/nai ou titores legais o seu incumplimento.
2. O ratio monitor/alumno será o que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Sendo o ratio monitor alumno na data de aprobación desta Bases de 1 / 6 en instalacións deportivas pechadas perimetralmente e de 1 / 10 en espazos ao aire libre.
 3. O horario asignado será riguroso, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo, para evitar aglomeracións na entrada e na saída.
 4. É preciso que acuda unha única persoa á entrega e recollida de cada menor ou grupo de irmáns
 5. Non é posible a asistencia de pais, nais, titores ou público durante as sesións.
 6. O alumnado virá vestido coa roupa que utilizarán durante a actividade deportiva.
 7. Deberán limparse as mans coas solucións hidroalcohólicas polo menos antes e despois da actividade, recomendando tamén facelo durante a práctica deportiva. Recomendase que cada alumno/a acuda co seu propio bote de xel hidroalcohólico, panos refugables e unha pequena toalla.
 8. O alumnado acudirá cunha única mochila ou similar para gardar os seus efectos persoais debendo ser custodiados polo propio alumnado, recomendando acudir con bebida, gorra e protección solar, botando esta última antes da actividade ou no seu domicilio.
 9. O alumnado non poderá compartir alimentos, bebidas ou similares, o seu uso será individual
 10. As actividades son ao aire libre, mantendo a distancia interpersonal de seguridade e sen contacto físico.
 11. Durante as datas de realización das actividades, no caso de continuar vixente a obriga do uso de máscara durante a práctica deportiva individual ao aire libre, a cal supón un aumento da carga fisiolóxica no organismo, a organización recomenda aos participantes o uso de máscaras cirúrxicas, por ser, según a evidencia científica actual, as que menos afectan ao intercambio gaseoso da ventilación pulmonar. A organización tamén recomenda aos adestradores que adapten ao alumnado progresivamente ao exercicio con máscara.
 12. Cada alumno/a debe traer a súa máscara para usar durante o desenvolvemento da actividade, así como mínimo outras 2 máscaras de reposto no caso de ser preciso o seu cambio cando esté humida, posto que as máscaras perden a súa eficacia protectora.
 13. Deberá darse un uso axeitado á máscara, debendo cubrir dende parte do tabique nasal ata o queixo.

Concello de Vilalba





Concello de Vilalba

14. O alumnado cumprirá calquer normativa subseguinte aprobada polas autoridades sanitarias e deportivas competentes que modifique os protocolos vixentes no momento de aprobar estas Bases.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS INSCRICIÓN

A inscrición e participación nas Vilaescolas de Verán 2021 supón a aceptación das normas.

9. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Protocolo Básico de actuación nas instalacións deportivas municipais tras a superación da fase III: Nova Normalidade, aprobado por Decreto da Alcaldía n.º 301 de data 14/09/2020 e modificado por Decreto da Alcaldía n.º 411 de data 20/10/2020.

**BASES APROBADAS POR ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
2 DE XUÑO DE 2021**

Fdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 7ASKPWZMCNS9JL7NZ4GWSYRZ | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 6 de 8